

RESUMO A ATMOSFERA, CLIMAS E PAISAXES

A atmosfera

É unha capa de gases que envolve a Terra. Impide o sobrequecemento diúrno do planeta e un excesivo arrefriamento durante a noite.

Os elementos do clima

A temperatura

A temperatura é a cantidade de calor que contén o aire da atmosfera. Mídese co termómetro e exprésase habitualmente en graos Celsius.

Varía en función de tres factores:

- **Latitude.** A temperatura descende progresivamente desde o ecuador ata os polos. Por iso, en función da latitude, na Terra distínguense cinco zonas climáticas: unha zona cálida, dúas zonas temperadas e dúas zonas frías.
- **Altitude.** A temperatura diminúe coa altura
- **Distancia ao mar.** O mar suaviza a temperatura.

As precipitacións

As precipitacións son a auga que cae á superficie terrestre procedente da atmosfera. Pódense producir en estado líquido (chuvia) ou sólido (sarabia e neve). Mídense co pluviómetro e exprésanse en milímetros (mm) ou en litros por metro cadrado (L/m²).

Varían en función de tres factores:

- **Latitude.** Chove máis preto do ecuador, porque vai máis calor.
- **Altitude.** Chove máis nas montañas ca nas zonas baixas.
- **Distancia ao mar.** As precipitacións son máis abundantes na costa ca nas terras afastadas do mar.

As precipitacións poder ter distintas orixes:

- **Precipitación orográfica-** Cando unha masa de aire húmida se encontra cunha montaña. A medide que ascende pola ladeira, arrefría, o vapor de auga condénsase e precipita na ladeira de barlovento (exposta ao vento).
- **Precipitación convectiva-** Cando unha elevada insolación provoca unha forte evaporación. Como o aire quente é máis lixeiro, elévase. Ao ascender arrefría, o vapor de auga condénsase e prodúcense precipitacións.
- **Precipitación por contacto entre masas de aire distintas-** Cando entran en contacto unha masa de aire cálido e húmido e outra de aire frío e seco. Ao ser a primeira máis lixeira, ascende por riba da masa de aire frío. Se arrefría, fórmanse nubes e precipita.

A presión atmosférica e o vento

A presión atmosférica é o peso que exerce o aire en calquera punto da superficie terrestre. Mídese co barómetro e exprésase en milibares (mb)

A presión atmosférica varía en función de dous factores:

- Altitude. A presión atmosférica é maior nas zonas baixas.
- Temperatura. O aire cálido exerce menos presión

O vento é o aire en movemento e orixínase polas diferenzas de presión atmosférica entre unhas zonas e outras.

O vento sopra desde as zonas de alta presión cara ás zonas de baixa presión.

A distribución dos climas

Climas cálidos

- **Ecuatorial.** Temperaturas sempre cálidas. Precipitacións regulares e moi abundantes (máis de 2000 mm)
- **Tropical.** Temperaturas elevadas. Precipitacións abundantes, concentradas na estación húmida.
- **Desértico.** Temperaturas altas, con forte contraste entre o día e a noite. Precipitacións moi escasas.

Climas temperados

- **Mediterráneo.** Invernos suaves e veráns calorosos. Precipitacións escasas e irregulares (seca estival).
- **Oceánico.** Temperaturas suaves todo o ano. Precipitacións abundantes e regulares.
- **Continental.** Temperaturas frías no inverno e cálidas no verán. Precipitacións escasas e irregulares (chove máis no verán).

Climas fríos

- **Polar.** Temperaturas moi frías. Precipitacións case inexistentes.
- **De montaña.** Temperaturas frías. Precipitacións abundantes.

Que é unha paisaxe?

Unha paisaxe é o resultado da interacción de factores naturais e humanos.

Distinguimos dous tipos de paisaxe:

- **Paisaxes naturais.** Son as non moidificadas polo ser humano. Resultan da relación entre o clima, o relevo e as augas.
- **Paisaxes humanizadas.** Son consecuencia das intervencións realizadas polas persoas no medio natural. As sociedades con maior capacidade tecnolóxica producen unha maior transformación da paisaxe.

As paisaxes cálidas

- **Paisaxe ecuatorial.** Esténdese arredor do ecuador, nas rexións en que se dá un clima ecuatorial. A selva é un bosque denso e sempre verde por mor das temperaturas altas e constantes, e das precipitacións abundantes e uniformes.
A vexetación da selva distribúese en pisos e os ríos son moi caudalosos e regulares.
É unha paisaxe pouco habitada, xa que a calor e a humidade propagan enfermidades, e a exuberante vexetación e o solo fráxil dificultan as actividades humanas.
- **Paisaxe tropical.** Dáse ao norte e ao sur da zona ecuatorial ata aproximadamente os trópicos, en rexións de clima tropical.
A paisaxe de sabana é orixinada pola existencia dunha estación seca. A sabana está formada por herbas altas e verdes, durante os meses de chuvias, e amareladas nos meses secos. Entre as herbas medran algúns arbustos e árbores.
A paisaxe de bosque-galería aparece a carón dos ríos, e nas zonas próximas ao desertos, a estepa. Nas áreas máis próximas ao ecuador desenvólvese o bosque tropical.
A poboación concéntrase nas costas e xunto aos ríos.
- **Paisaxe desértica.** É propia de rexións con clima desértico, das que a principal característica é a aridez. A temperatura varía duns desertos a outros; por eso existen desertos cálidos e frío.
A vexetación e a fauna son moi escasas e os desertos están practicamente deshabitados.

As paisaxes temperadas

- **Paisaxe oceánica.** Esténdese polas costas occidentais situadas entre os paralelos 40° e 60° ao norte e ao sur do ecuador, onde se dá o clima oceánico. A vexetación é exuberante grazas a unhas temperaturas suaves e ás abundantes e regulares precipitacións. Hai bosques de árbores de folla caduca, prados e landas (en terreos pouco fértiles).
É unha paisaxe moi poboada e altamente transformada debido ao clima benigno, aos terreos fértiles e aos abundantes recursos.
- **Paisaxe mediterránea.** Desenvólvese entre os 30° e 40° de latitude en ambos os hemisferios; sobre todo, arredor do mar Mediterráneo. A vexetación medra adaptada á seca estival típica do clima mediterráneo. É característico o bosque mediterráneo de folla perenne, (acíñeiras, sobreiras e piñeiro mediterráneo). Tamén hai matogueiras e arbustos, moitos deles aromáticos (romeu, lavanda...).
É unha paisaxe moi poboada, desde épocas ben antigas, e por tanto, moi transformada polas actividades humanas.
- **Paisaxe continental.** Esténdese principalmente polo norte, polo centro e polo leste de Europa, Asia e América do Norte, en rexións de clima continental. A vexetación está formada por bosques boreais ou taiga (ao norte), pradarías (en zonas húmidas e menos frías) e estepas (en zonas secas e máis cálidas).
A paisaxe continental está desigualmente poboada.
A pradaría é a rexión máis humanizada.

As paisaxes frías

- **Paisaxe de alta montaña.** Desenvólvese nas grandes cordilleiras, onde se dá o clima de alta montaña.
A vexetación gradúase en pisos coa altura.
En xeral, é un medio natural difícil para o desenvolvemento das actividades humanas.
- **Paisaxe polar.** Localízase na zona ártica e na Antártida.
O clima polar é o máis frío do planeta. O xeo e a neve son os elementos característicos desta paisaxe, practicamente deshabitada.
Nas rexións próximas ás zonas temperadas, aparece a tundra (musgos e liques).